



*RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de técnico superior, técnico medio, oficial administrativo e auxiliar administrativo de persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).*

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consumen taxa de reposición.

En virtude do Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Nos anexos I e II do Decreto 79/2022, do 25 de maio, correspondentes a IGAPE figuran as seguintes prazas:





| ENTIDADE                                   | CATEGORÍA   | ANEXO I<br>CONCURSO | ANEXO II<br>CONCURSO-<br>OPOSICIÓN | TOTAIS |
|--|---|---------------------|------------------------------------|--------|
| INSTITUTO GALEGO DE<br>PROMOCIÓN ECONÓMICA | P. ADMINISTRATIVO/A (OFICIAIS<br>ADMINISTRATIVOS/AS E AUXILIARES<br>ADMINISTRATIVOS/AS) | 6                   |                                    | 32     |
|  | P. ADMINISTRATIVO/A (SECRETARÍAS DE DIRECCIÓN)  | 1                   |                                    |        |
|  | TÉCNICO/A DE INTERNACIONALIZACIÓN   | 4                   |                                    |        |
|  | TÉCNICO/A DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TELEMÁTICA  | 3                   |                                    |        |
|  | TÉCNICO/A DE SERVIZOS XERAIS  | 16                  |                                    |        |
|  | TÉCNICO/A DE SERVIZOS XERAIS  |                     | 1                                  |        |
|  | TÉCNICO/A DE INTERNACIONALIZACIÓN   |                     | 1                                  |        |
|  | SUBTOTAL  |                     | 30                                 |        |

A presente convocatoria refírese exclusivamente ás prazas que figuran no anexo I do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

A disposición adicional terceira, punto primeiro, do citado decreto establece que “tendo en conta o disposto no artigo 2.1 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, que sinala que as administracións públicas deben incluír nos procesos de estabilización temporal as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, dispense que as prazas incluídas nesta oferta poderán ser obxecto dunha redistribución entre os diferentes corpos, escalas e especialidades en función da súa definitiva clasificación na relación de postos de traballo ou en función da realidade das tarefas desenvolvidas e, de ser o caso, das sentenzas xudiciais”.

De acordo co dito, procede a convocatoria das prazas que corresponda por cada categoría profesional daquelas ás que pertenza o persoal laboral temporal que ocupa os postos que se describen nos citados anexos I e II do Decreto 79/2022, do 25 de maio, máis unha máis, correspondente a un posto de traballo que reúne os requisitos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro e que, debido a un erro, non figura no anexo do dito Decreto.

A dita Lei 20/2021, do 28 de decembro recolle que, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas



prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016.

Así mesmo, cómpre sinalar que en desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, en virtude da autorización outorgada polo Consello de Dirección con data do 29 de marzo de 2012 para proceder á convocatoria de prazas vacantes na estrutura do Igape, e no uso das facultades conferidas pola Resolución do 23 de decembro de 2016 de delegación de facultades publicada no *DOG* núm. 23, do 2 de febreiro de 2017,

#### DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de técnico superior, técnico medio, oficial administrativo e auxiliar administrativo de persoal laboral fixo do Igape, segundo a seguinte desagregación:

- dezasete (17) prazas na categoría de técnico superior de persoal laboral fixo do Igape;



- seis (6) prazas na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo do Igape;
- seis (6) prazas na categoría de oficial administrativo de persoal laboral fixo do Igape;
- dúas (2) prazas na categoría de auxiliar administrativo de persoal laboral fixo do Igape.

O número total de prazas convocadas deriva da aplicación do que establece o Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, segundo a desagregación que figura no anexo IV desta convocatoria.

#### I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será cubrir as prazas das distintas categorías que se especifican nos anexos desta convocatoria, correspondentes á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio, máis unha máis praza que reúne os requisitos fixados pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O sistema selectivo será o de concurso.

I.1.1. Non se establece unha reserva de prazas para seren cubertas pola queda de persoas con discapacidade, ao cumprirse a porcentaxe establecida no artigo 7 do Decreto 79/2022, do 25 de maio no conxunto da oferta de emprego público.

I.1.2 Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, a Lei 20/2021 do 28 de



decembro de 2021, a Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña.

## I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo do Igape os seguintes requisitos, excepto para os requisitos de titulación que se estará ao disposto na base I.2.3:

I.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación do anuncio no *DOG* da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, o título esixido como requisito ou súa equivalencia. A tal efecto, e para o suposto de que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, sinalarase polo órgano convocante un prazo de presentación nun momento anterior á confección pola comisión de selección da listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas que superaron o proceso selectivo.



Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

O anexo III correspondente establece a titulación esixida.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que estean en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

I.2.4. Coñecemento da lingua galega. Co obxecto de garantir a plenitude dos dereitos lingüísticos da cidadanía galega, recoñecidos na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, de xeito que calquera cidadán poida ser atendido polas persoas empregadas públicas no idioma que cada quen elixa empregar e que ninguén sexa discriminado por razón da lingua, as persoas aspirantes deberán acreditar que están en posesión do título do Celga 4 para as categorías de técnico superior, técnico medio e oficial administrativo, e Celga 3 para a categoría de auxiliar administrativo, ou o título que en cada caso sexa equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Porén, aquelas persoas que non acheguen a acreditación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por



resolución xudicial, cando se trate de acceder á categoría de persoal laboral fixo do Igape da cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

I.2.7. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria.

I.3. Solicitudes.

1.3.1. As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no anexo I da presente convocatoria e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

O prazo para presentar as solicitudes será o que se indica na base I.3.4.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude, cuberta e asinada, exclusivamente por medios electrónicos, empregando para iso o modelo PR004A de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>, dirixido á Dirección Xeral do Igape, ao que deberán anexar o modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base 1.2, así como o resto de documentación a que se refire a base 1.3.5.

O modelo de solicitude, que figura como anexo I desta convocatoria, estará a disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es).

1.3.2. As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsada ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

As persoas aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude se figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da



convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ao aboamento das taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego





O importe das taxas para participar no proceso de selección é o seguinte:

- Categoría técnico superior: 44,17 euros.
- Categoría técnico medio: 38,02 euros.
- Categoría oficial administrativo: 33,13 euros.
- Categoría auxiliar administrativo: 26,99 euros.

I.3.3 Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Transferencia bancaria: poderá realizarse unha transferencia bancaria na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584.

Como concepto deberá engadirse, respectando o formato que se indica, exclusivamente:

NIF/NIE OPE 2022-IGAPE

O Igape devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa entidade convocante no número 900815151, das 8.30 ás 14.30 horas en día hábil (de luns a venres).

I.3.4 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día 16 de xaneiro de 2023.





I.3.5 As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- b) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.
- c) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.
- d) Copia do título do Celga 3 ou 4, segundo sexa o caso, ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)
- e) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente do seu pagamento.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

- f) Declaración dos méritos alegados, segundo o modelo que figura como anexo V desta convocatoria, á que se xuntará unha copia simple da súa documentación xustificativa que teña formato en papel, e orixinal ou copia electrónica auténtica da documentación que teña formato electrónico, agás a relativa aos méritos alegados ao abeiro das bases III.1.1 a) e III.1.2 d).



Os méritos alegados deberán referirse á data de publicación no *DOG* do anuncio da convocatoria.

O procedemento de acreditación de méritos figura no anexo II da presente convocatoria, en relación coa base III.4.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

#### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral do Igape aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución cuxo anuncio de exposición será publicado no *DOG*, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es).

Xunto coa resolución anterior, o Igape publicará, no portal web corporativo [www.igape.es](http://www.igape.es), a listaxe de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditar estar en posesión do título Celga requirido ou a súa equivalencia.

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación do anuncio de exposición da resolución no *DOG*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do título Celga requirido ou a súa equivalencia.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da persoa titular da Dirección Xeral Igape, cuxo anuncio de exposición será publicada no *DOG*, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es).



Xunto coa resolución anterior, o Igape publicará, no portal web corporativo [www.igape.es](http://www.igape.es), a listaxe de persoas aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega requirida.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## II. Proba de coñecemento da lingua galega.

II.1 A dita proba será obrigatoria e eliminatória para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao corpo grupo escala ou categoría ao que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido. O nivel de galego esixido será o Celga 4 para as categorías de técnico superior, técnico medio e oficial administrativo, e Celga 3 para a categoría de auxiliar administrativo.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para os grupos e categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga 4 ou 3, segundo sexa o caso.

A dita proba será desenvolta por un tribunal nomeado ao efecto polo titular do órgano competente en materia de Función Pública que será distinto dos tribunais cualificadores dos procesos e que se rexerá na súa composición e nas súas actuacións polas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e demais normativa de aplicación.

Dito tribunal constituirase exclusivamente para desenvolver as probas de nivel de coñecemento da lingua galega de todos os procesos selectivos que se convoquen en execución do Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), e a súa



superación soamente terá efectos para poder participar nos procesos selectivos convocados, sen que en ningún caso implique o recoñecemento do dereito á obtención do título correspondente.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es).

II.2. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG do anuncio de exposición da resolución pola cal a Dirección Xeral do Igape publica as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga 4 ou 3, segundo sexa o caso, ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm.



146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do tribunal.

II.3 A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

II.4. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

II.5. O exercicio realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

II.6. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.7. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen



prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.8. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG.

II.9. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es) (apto ou non apto).

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no *DOG* do anuncio da resolución de exposición na páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es) do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega.

II.10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á persoa titular da Dirección Xeral do Igape para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a persoa titular da Dirección Xeral do Igape emitirá unha resolución pola que acorde a súa exclusión do proceso selectivo, que se publicará no portal web corporativo do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es).

II.11. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.



### III. Proceso selectivo

#### Fase de concurso

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que acreditaron o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaron a proba:

#### III.1. Méritos a valorar

III.1.1. Experiencia profesional, un máximo de setenta (70) puntos.

a) Experiencia profesional acreditada no Igape, na propia categoría profesional á que se opta, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos. Para estes efectos, a experiencia profesional acreditada en entes ou organismos extintos cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape, considerarase acreditada en Igape na correspondente categoría.

Non se valorará a experiencia profesional acreditada nunha categoría distinta de aquela á que se opta.

Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.

b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración distinta do Igape na propia categoría profesional á que se opta, ou en categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Non se valorará a experiencia profesional acreditada nunha categoría distinta de aquela á que se opta.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).





Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos. ou por 0, 125 puntos segundo corresponda.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente, agás nos casos de redución de xornada nos supostos previstos no artigo 106 da LEPG, que se valorarán como servizos prestados ao 100% da xornada.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

A experiencia profesional no Igape apreciarase de oficio polo órgano convocante mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal do Igape.

### III.1.2 Outros méritos ata un máximo de 30 puntos.

Os méritos alegados nesta epígrafe so poderán ser obxecto de valoración nun dos apartados ou subapartados que se indican a continuación, debendo indicarse na relación de outros méritos.

a) Cursos de formación xeral: a puntuación máxima deste apartado será 17,5 puntos.

Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia; cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; e cursos impartidos por Universidades.



Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,04 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

b) 1. Cursos de formación convocados, organizados, impartidos ou realizados polo Igape ou por entidades extinguidas cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape: Para cada curso, valorarase con 0,10 puntos cada hora de formación.

2. Cursos de formación convocados, organizados, impartidos ou realizados en colaboración co Igape ou con entidades extinguidas cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape: Para cada curso, valorarase con 0,08 puntos cada hora de formación.

c) Galego: ata un máximo de 2,5 puntos.

Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de 2,5 puntos:

- Celga 4 ou equivalente: 1,5 puntos
- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 2 puntos



- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2,5 puntos

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

d) Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos de data posterior ao 01/01/2002 convocados para adquirir a condición de persoal laboral fixo do Igape que se atopen finalizados ou coa fase de oposición finalizada, para o acceso á mesma categoría profesional á que se opte. Valorarase 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado ata un máximo de 7,5 puntos.

Para estes efectos, non se terán en conta as probas superadas para acreditar o coñecemento do idioma galego ou as probas psicotécnicas.

Os méritos referidos a este apartado d) apreciaranse de oficio polo ente convocante.

e) Formación no desenvolvemento de funcións do Igape, adquirida mediante bolsas formativas, de colaboración, ou de prácticas realizadas no Igape a razón de 0,10 puntos por mes. Calcularase o número total de días correspondentes a cada bolsa computable e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,10 puntos.

f) Formación de Idiomas. Cun máximo de 2,5 puntos por idioma e un máximo de 5 puntos en total.

Nivel B2 ou equivalente: 1

Nivel C1 ou equivalente: 2

Nivel C2 ou equivalente: 2,5

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento dun mesmo idioma, só se computará o superior.

g) Master ou posgrao específico de materias relacionadas coas finalidades ou obxectivos do Igape: 2,5 puntos por cada master o posgrao cun máximo de 5 puntos.



h) Segunda titulación académica ou unha titulación superior á esixida como requisito de acceso para escala ou categoría profesional: 2,5 puntos por cada unha cun máximo de 5 puntos.

III.2. Os méritos enumerados nas bases III.1.1 e III.1.2 deberán referirse á data de publicación do anuncio da convocatoria no *DOG* e deberán acreditarse de conformidade co procedemento establecido nas bases I.3.5.f) e III.4, en relación co anexo II. Non se terán en conta os méritos que non se aleguen e xustifiquen conforme o establecido no dito procedemento.

III.3 Rematado o prazo de acreditación de méritos, a comisión de selección procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal do Igape ou doutros organismos da Xunta de Galicia, e publicarase o anuncio da puntuación resultante no *DOG*.

Contra a baremación provisional as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante a propia comisión de selección no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no *DOG* da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, a comisión de selección publicará na web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es) a baremación definitiva da fase de concurso, e publicarase o seu anuncio no *DOG*.

III.4. No prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio indicado no apartado anterior (base III.3 *in fine*), as persoas aspirantes que obtiveran unha maior puntuación correspondente ao número de prazas convocadas por cada categoría, deberán acreditar dun xeito fidedigno que posúen os méritos alegados correspondentes ás bases III.1.1 b) e III.1.2, agás a letra d), mediante a presentación de orixinal ou copia compulsada da documentación que achegaron coa solicitude de participación no proceso selectivo que non tivera carácter de documento electrónico, segundo o que se recolle no anexo II. Para iso, deberán presentar nunha oficina de asistencia en materia de rexistros o modelo cuberto e asinado de declaración de méritos que figura como anexo V, e achegar a documentación física que corresponda para que na oficina de asistencia en materia de



registros se proceda á súa dixitalización. De non presentar a totalidade da documentación indicada dentro do prazo establecido, a persoa aspirante será excluída do procedemento selectivo mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, na que se concederá á persoa que figure no seguinte lugar da lista un prazo de 10 días hábiles para presentar a documentación segundo o disposto nesta base. Esta resolución publicarase na web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es), logo da publicación do seu anuncio no *DOG*.

A comisión de selección elevará á Dirección Xeral do Igape unha proposta de nomeamento como persoal laboral fixo do número de persoas aspirantes que obtiveran unha maior puntuación correspondente ao número de prazas convocadas por cada categoría e que acreditasen debidamente a posesión dos méritos alegados segundo o indicado na epígrafe anterior.

A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Para poder superar o proceso selectivo será necesario acadar unha puntuación mínima de trinta (30) puntos.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, de producirse renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, a persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá requirir da comisión de selección unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

#### IV. Comisión de selección

IV.I A comisión de selección cualificadora do proceso será nomeada por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de



marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.2. As persoas que formen parte da comisión de selección deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Dirección Xeral do Igape.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes da comisión de selección cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

IV.3. A autoridade convocante publicará no *DOG* a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes da comisión de selección que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

IV.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento da comisión de selección no *DOG*. Na dita sesión a comisión de selección adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida da comisión de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.





IV.6 O procedemento de actuación da comisión de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

IV.7. Por cada sesión da comisión de selección levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

IV.8. A Presidencia da comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que a proba de galego sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

A comisión de selección excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración da dita proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

IV.9. A comisión de selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

IV.10. A comisión de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, a comisión de selección tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.



IV.11. A persoa titular da Dirección Xeral do Igape determinará o número máximo de sesións autorizado á comisión de selección e poderá ampliálo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

IV.12. A comisión de selección non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

IV.13. Os acordos adoptados pola comisión de selección do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes á comisión de selección dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

V. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

V.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar, o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria no Igape.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito do Igape.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.





V.2 Unha vez rematado o proceso selectivo, a comisión de selección publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución proporá o seu nomeamento como persoal laboral fixo de Igape.

A partir do día seguinte ao da publicación no *DOG* da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos no caso de que non foran presentados ou validados previamente:

A) Copia auténtica do título esixido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

B) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

C) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Xuventude e, de ser o caso, da Administración correspondente.

A Dirección Xeral do Igape solicitará ao órgano competente a documentación que acredite que as persoas aspirantes que accedan por esta cota de reserva reúnen os requisitos de compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

V.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2 non poderán ser nomeadas persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

V.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral fixo do Igape mediante unha resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, que se publicará no DOG e indicará o destino adxudicado.



V.5. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base VI.1. A dita adxudicación terá carácter provisional, mentres non elixan destino definitivo as persoas que pertencen ao cadro de persoal fixo do Igape que participen nos procedementos de provisión definitiva de postos que convoque o Igape, de acordo coa prelación que se establece na normativa de aplicación.

V.6. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co artigo 60.e) da LEPG.

VI. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no anuncio de convocatoria no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

O director xeral do Igape

Fernando Guldrís Iglesias





**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO NAS CATEGORÍAS DE TÉCNICO SUPERIOR, TÉCNICO MEDIO, OFICIAL ADMINISTRATIVO E AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) (indicar categoría):**

|  |
|--|
|  |
|--|

**DATOS PERSOAIS**

|               |                |                    |                 |            |             |
|---------------|----------------|--------------------|-----------------|------------|-------------|
| NOME          |                | PRIMEIRO APELIDO   | SEGUNDO APELIDO | NIF        |             |
|               |                |                    |                 |            |             |
| TIPO          | NOME DA VÍA    |                    | NUM             | BLOQ       | ANDAR PORTA |
|               |                |                    |                 |            |             |
| PARROQUIA     |                |                    | LUGAR           |            |             |
|               |                |                    |                 |            |             |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA      | CONCELLO           |                 | LOCALIDADE |             |
|               |                |                    |                 |            |             |
| TELÉFONO      | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |                 |            |             |
|               |                |                    |                 |            |             |

|                  |                      |
|------------------|----------------------|
| FAMILIA NUMEROSA | DE CARACTER ESPECIAL |
|                  | DE CARACTER XERAL    |

|                           |            |  |
|---------------------------|------------|--|
| PERSONA CON DISCAPACIDADE | PORCENTAXE |  |
|---------------------------|------------|--|

|                       |  |
|-----------------------|--|
| DEMANDANTE DE EMPREGO |  |
|-----------------------|--|

|   |
|---|
| TIPO DE ADAPTACIÓN SOLICITADA (proba de galego) |
|   |

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Copia do D.N.I
- Documentación que acredita a condición de familia numerosa.
- Documentación que acredita a condición de persoa con discapacidade
- Documentación que acredita a condición de persoa demandante de emprego
- Anexo V de declaración de méritos, e documentación acreditativa

Lugar e data:  
Sinatura

Asdo.: .....





ANEXO II  
**Acreditación de méritos**

|  |  |
|--|--|
|  |  |
| Experiencia profesional                | <p>A experiencia profesional no órgano convocante (base III.1.1. a) apreciarase de oficio.</p> <p>A experiencia profesional noutras administracións públicas acreditarase mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal do centro ou órgano, na cal deberá constar a seguinte información: denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, tipo de vínculo (fixo, temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>As situacións de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, violencia de xénero, violencia sexual ou violencia terrorista acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola unidade competente na que deberán constar as datas de inicio e fin.</p> |
| Cursos de formación e cursos de galego | <p>Acreditaranse os cursos mediante orixinal ou copia electrónica auténtica do certificado de asistencia e superación do curso, en que deberán constar a denominación do curso, o organismo ou entidade que acreditou a actividade formativa, as datas de realización e o número de horas lectivas.</p> <p>No suposto de cursos impartidos no marco do AFEDAP ou AFCAP deberá constar o logotipo do respectivo acordo</p>  |
| Idiomas                                | <p>Certificacións/títulos que indiquen un nivel de dominio de lingua estranxeira expedidos en España por:<br/>Escolas Oficiais de Idiomas.</p>   |





|   |   |
|---|---|
|   | <p>Oficina de Interpretación de Linguas (Ministerio de Asuntos Exteriores).</p> <p>Servizos de Idiomas das Universidades Españolas, acollidas ao Convenio ACLES.</p> <p>Título de Mestre especialista en Lingua Estranxeira / Graduado en Educación Primaria (Linguas Estranxeiras).</p> <p>Título de tradutor/intérprete xurado do idioma correspondente.</p> <p>Títulos de Licenciado/Graduado en Filoxía, Tradución ou estudos asimilables, con especialidade na lingua estranxeira correspondente.</p> <p>Certificados emitidos por autoridades lingüísticas estranxeiras que se axusten ao MCERL, e calquera outro oficial valorable a xuízo do tribunal.</p>      |
| Superación de exercicios de procesos selectivos       | De oficio.  |
| Bolsas formativas/ colaborativas/ prácticas           | Resolución da concesión da bolsa ou credencial de bolseiro/a ou calquera outro documento que a acredite.  |
| Titulacións/master/posgraos                           | Título ou diploma oficial acreditativo dos correspondentes estudos  |
| Documentos electrónicos e autenticación de documentos | <p>Os documentos electrónicos administrativos para ser considerados válidos deberán cumprir as esixencias do artigo 27 da lei 39/2015.</p> <p>As copias en soporte papel de documentos electrónicos deberán conter un código de verificación, que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos de órgano emisor. Un documento electrónico en formato papel que careza dun sistema de verificación terá a consideración de copia simple.</p> <p>As copias que se acheguen dos documentos acreditativos de méritos deberán estar autenticadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario</p> |





|                         |  |
|-------------------------|--|
|                         | <p>ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p> <p><i>Todas as referencias contidas nestas bases á exigencia de copia electrónica auténtica dun documento se fan extensivas, nos mesmos termos, á copia electrónica auténtica.</i></p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p>  |
| Tradución de documentos | <p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</li><li>b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</li><li>c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</li></ul> |



### ANEXO III

#### TITULACIÓN MÍNIMA ESIXIDA PARA O CUMPRIMENTO DO REQUISITO ESTABLECIDO NA BASE I.2.3.

Categoría de técnico/a superior de Igape: título de grao, enxeñeiro, arquitecto, licenciado ou as súas equivalencias.

Categoría de técnico/a medio: título de diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, e as súas equivalencias.

Categoría de oficial administrativo: título de bacharelato ou técnico e as súas equivalencias.

Categoría de auxiliar administrativo: título de graduado en educación secundaria obrigatoria e as súas equivalencias.



**ANEXO IV**
**PRAZAS OFERTADAS POR CATEGORÍA**

De acordo co que se recolle nos anexos I e II do Decreto 79/2022, do 25 de maio, correspondentes a IGAPE, recóllense a continuación as prazas convocadas, desagregadas por categoría:

| <b>Categoría</b>                 | <b>Número de prazas pola quenda libre</b> |
|----------------------------------|---|
| Técnico/a superior de Igape      | 17  |
| Técnico/a medio de Igape         | 6   |
| Oficial administrativo de Igape  | 6   |
| Auxiliar administrativo de Igape | 2   |

As ditas prazas correspóndense cos seguintes postos de traballo:

Anexos I e II:

| <b>Código do posto</b> | <b>Denominación do posto</b>   | <b>DNI (*)</b> | <b>Categoría</b>          |
|------------------------|--|----------------|---------------------------|
| 4050124                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***5892**      | Auxiliar administrativo/a |
| 4050125                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***9249**      | Auxiliar administrativo/a |
| 4050104                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***6527**      | Oficial administrativo/a  |
| 4050117                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***5040**      | Oficial administrativo/a  |
| 4052159                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***1272**      | Oficial administrativo/a  |
| 4055168                | P. Administrativo (Oficiales Administrativos e Auxiliares Administrativos) | ***9656**      | Oficial administrativo/a  |
| 4050401                | P. Administrativo (Secretarías de Dirección)                               | ***0552**      | Oficial administrativo/a  |





| Código do posto | Denominación do posto                     | DNI (*)   | Categoría          |
|-----------------|---|-----------|--------------------|
| 4050408         | Técnico/a de Internacionalización         | ***7749** | Técnico/a superior |
| 4050150         | Técnico/a de Servizos Atención Telemática | ***9805** | Técnico/a superior |
| 4050151         | Técnico/a de Servizos Atención Telemática | ***2008** | Técnico/a superior |
| 4050152         | Técnico/a de Servizos Atención Telemática | ***1397** | Técnico/a superior |
| 4050121         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***6929** | Técnico/a superior |
| 4050134         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***3064** | Técnico/a superior |
| 4050137         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***3270** | Técnico/a superior |
| 4050138         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***1474** | Técnico/a superior |
| 4050139         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***6860** | Técnico/a superior |
| 4050140         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***8200** | Técnico/a superior |
| 4050204         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***3355** | Técnico/a superior |
| 4050305         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***9059** | Técnico/a superior |
| 4050309         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***8455** | Técnico/a superior |
| 4050407         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***2989** | Técnico/a superior |
| 4050310         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***6703** | Técnico/a medio    |
| 4050417         | Técnico/a de Servizos Xerais              | ***0845** | Técnico/a medio    |
| 4050412         | Técnico/a de Internacionalización         | ***3367** | Técnico/a medio    |





| Código do posto | Denominación do posto                        | DNI (*)   | Categoría                |
|-----------------|--|-----------|--------------------------|
| 4050410         | Técnico/a de Internacionalización            | ***3451** | Técnico/a medio          |
| 4050306         | Técnico/a de Servizos Xerais                 | ***8785** | Técnico/a medio          |
| 4050420         | Técnico/a de Servizos Xerais                 | ***6144** | Técnico/a medio          |
| 4050406         | Técnico/a de Internacionalización            | ***5664** | Técnico/a superior       |
| 4050155         | Técnico/a de Servizos Xerais                 | ***9205** | Técnico/a superior       |
| Sen código      | Técnico/a de Servizos Xerais                 | ***8931** | Técnico/a superior       |
| Sen código (1)  | P. Administrativo (Secretarías de Dirección) | ***5833** | Oficial administrativo/a |

(\*) Os números de DNI amósanse cifrados para protexer os datos de carácter persoal.

(1) Posto que reúne os requisitos da Lei 20/2021 e que, por erro, non figura nos anexos do Decreto 79/2022, do 25 de maio.





## ANEXO V

**MODELO DE DECLARACIÓN DE MÉRITOS CORRESPONDENTE Á RESOLUCIÓN DO 29 DE DECEMBRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO NAS CATEGORÍAS DE TÉCNICO SUPERIOR, TÉCNICO MEDIO, OFICIAL ADMINISTRATIVO E AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)**

### DATOS PERSOAIS

Apelidos \_\_\_\_\_  
Nome \_\_\_\_\_ DNI. \_\_\_\_\_

EXPON: Que de conformidade co establecido nas bases da convocatoria achego declaración de méritos para a fase de concurso do proceso selectivo.  
DECLARA: Que son certos os datos consignados neste escrito

### MÉRITOS ALEGADOS

1.- III.1.1. a) Experiencia profesional acreditada no Igape, na propia categoría profesional á que se opta, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

(Para estes efectos, a experiencia profesional acreditada en entes ou organismos extintos cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape considerárase acreditada no propio Igape na correspondente categoría. Non se valorará a experiencia profesional acreditada nunha categoría distinta de aquela á que se opta).

| INTERVALO DE TEMPO TRABALLADO      | DENOMINACIÓN DO POSTO | TOTAL (meses) |
|------------------------------------|-----------------------|---------------|
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |               |

Este mérito, de ser alegado, acreditarase de oficio polo IGAPE, segundo os datos que figuren nos arquivos de Recursos Humanos.





III.1.1. b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración distinta do ente convocante na propia categoría profesional á que se opta, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

(Non se valorará a experiencia profesional acreditada nunha categoría distinta de aquela á que se opta).

| INTERVALO DE TEMPO TRABALLADO      | DENOMINACIÓN DO POSTO | ADMINISTRACIÓN | TOTAL (meses) |
|------------------------------------|-----------------------|----------------|---------------|
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |

2.- III.1.2 a) Formación, un máximo de dezasete puntos e medio (17,5) puntos

| DENOMINACIÓN DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|-----------------------|----------|----------|
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |

CVE: 5HgUjTEw8551  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>







III.1.2 b) 1. Cursos de formación convocados, organizados, impartidos ou realizados polo Igape ou por entidades extinguidas cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape: Para cada curso, valorarase con 0,10 puntos cada hora de formación

| DENOMINACIÓN DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|-----------------------|----------|----------|
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |

b) 2. Cursos de formación convocados, organizados, impartidos ou realizados en colaboración co Igape ou con entidades extinguidas cuxo persoal foi obxecto de subrogación en Igape: Para cada curso, valorarase con 0,08 puntos cada hora de formación.

| DENOMINACIÓN DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|-----------------------|----------|----------|
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |





| DENOMINACIÓN DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|-----------------------|----------|----------|
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |

III.1.2 c) Galego, un máximo de dous puntos e medio (2,5) puntos

| DENOMINACIÓN DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|-----------------------|----------|----------|
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |
|                       |          |          |

d) Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos resoltos con posterioridade ao 01/01/2002 convocados para adquirir a condición de persoal laboral fixo do Igape que se atopen finalizados ou coa fase de oposición finalizada, para o acceso á mesma categoría profesional á que se opte. Valorarase 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado ata un máximo de 7,5 puntos.

| CONVOCATORIA (con referencia ao <i>Diario Oficial de Galicia</i> ) | EXAME | DATA | PUNTUACIÓN |
|--|-------|------|------------|
|  |       |      |            |
|  |       |      |            |
|  |       |      |            |

Este mérito, de ser alegado, acreditarase de oficio polo IGAPE segundo os datos que figuren nos arquivos de Recursos Humanos.

e) Formación no desenvolvemento de funcións do Igape, adquirida mediante bolsas formativas, de colaboración, ou de prácticas realizadas no Igape a razón de 0,10 puntos por mes.

| INTERVALO DE TEMPO DA BOLSA        | DENOMINACIÓN DA BOLSA | ADMINISTRACIÓN | TOTAL (meses) |
|------------------------------------|-----------------------|----------------|---------------|
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |
| De ____-____-____ a ____-____-____ |                       |                |               |

f) Formación de Idiomas. Cun máximo de 2,5 puntos por idioma e un máximo de 5 puntos en total.



Nivel B2 ou equivalente: 1

Nivel C1 ou equivalente: 2

Nivel C2 ou equivalente: 2,5

| IDIOMA | ENTIDADE | NIVEL |
|--------|----------|-------|
|        |          |       |
|        |          |       |
|        |          |       |
|        |          |       |
|        |          |       |
|        |          |       |

g) Master ou posgrao específico de materias relacionadas coas finalidades ou obxectivos do Igape: 2,5 puntos por cada master o posgrao cun máximo de 5 puntos.

| DENOMINACIÓN | CENTRO OFICIAL | ANO |
|--------------|----------------|-----|
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |

h) Segunda titulación académica ou unha titulación superior á esixida como requisito de acceso para escala ou categoría profesional: 2,5 puntos por cada unha cun máximo de 5 puntos.

| DENOMINACIÓN | CENTRO OFICIAL | ANO |
|--------------|----------------|-----|
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |
|              |                |     |

**DECLARO que todos méritos alegados serán acreditados de conformidade co que establece as bases 1.3.5.f) e III.4 da convocatoria.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

**SINATURA**

SR. DIRECTOR XERAL DO IGAPE

